

Pontevedra

Futuros escritores terán a oportunidade de "deconstruirse" no Obradoiro de Creación Literaria

Por Antía Fernández

á s 14:34 do Xoves 2 de Febreiro, 2017

Aqueles que aspiren a desenvolver a súa faceta máis creativa están de parabéns. O Concello de Pontevedra, en colaboración coa Asociación de Escritoras e



De esquerda a dereita: Eli Ríos, a concelleira Anxos Riveiro e Cesáreo Sánchez Iglesias
© PontevedraViva

Escritores en Lingua Galega (AELG) organizará a partir do sábado 11 de febreiro un taller de creación literaria a cargo das escritoras Eli Ríos e María Reimóndez.

As actividades centraranse na literatura infantil e xuvenil, dous campos onde as autoras galegas teñen experiencia e aproveitarán para **inculcar a importancia da muller** e, en xeral, o feminismo na literatura galega como "elemento transformador do pensamento humano"; segundo as palabras de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG.

A muller na literatura é un punto importante no programa do taller xa que un dos obxectivos de Eli Ríos é "**aprender a deconstruir as realidades impostas** ou tradicionais que nos foron dadas todo este tempo" e as futuras xeracións son clave para esa ruptura.

O taller terá lugar no Pazo da Cultura cada sábado para partir do 11 de febreiro. **As prazas serán limitadas** e só 25 futuros escritores, maiores de 16 anos, terán a oportunidade de participar nestas clases, ás que **poderán inscribirse gratuitamente dende o xoves 2 de febreiro** a través do mail inscricions@pontevedra.eu.

Utilizamos cookies para mellorar os nosos servizos. Se continúas navegando, consideramos que aceptas o seu uso.